

O fracaso dos medios na representación da clase obreira: explicacións dende a produción de medios e alén dela.¹

David Hesmondhalgh

Introdución: o fracaso dos medios na representación da xente de clase obreira.

Hai moitos problemas serios no tocante ós medios e a clase nas sociedades contemporáneas. Un deles é o seguinte: *os medios contribuíron á depauperación e á marxinação da clase traballadora ó fracasar no intento de representar adecuadamente a complexidade, diversidade e riqueza das súas vidas e valores*. Incluído o fracaso de transmitir adecuadamente as formas particulares nas que a clase traballadora prospera e sofre, por qué o fan, e en qué circunstancias. Por veces este fracaso é resultado dunha falta de atención á xente de clase obreira, ás súas actitudes e valores: un fracaso de *infrarrepresentación*. Por veces deriva doutras causas coma a estigmatización, o sensacionalismo e mesmo a demonización: un fracaso debido á mala representación.

Exemplo moi debatido de mala representación é a chamada televisión de realidade. Moitos analistas argüíron plausiblemente, usando ás veces análise textual, que os sub-xéneros da televisión de realidade, nomeadamente nas variantes de “traspaso” (“makeover”) (Lewis, 2009) e “porno de pobreza” (Jensen, 2014), empregan e amplifican certa cantidade de tropos representativos que constrúen a clase obreira de maneiras problemáticas, poño por caso, como se estivese necesitada de reformas morais e estéticas (Skeegs e Wood, 2011).

Porén, o problema vai moito máis alá da televisión de realidade. Biressi e Nunn (2013) amosan como é que, nunha gama de medios e xéneros, “adoita expresarse un disgusto adoito cómico pola clase obreira, e especialmente contra aqueles que parecen estar mellorando a súa posición social”(p. 23) e tamén refiren a historia das maneiras cambiantes nas que algúns individuos de clase obreira con certas características poden ser etiquetados co nome de “infraclassa” ou lumpen perigoso e criminal (pp. 44-68). Hai grandes problemas tamén nas representacións xornalísticas, como é o caso do uso nomeadamente predominante de imaxes de nais beneficiarias de axudas na cobertura informativa da reforma das axudas públicas (Kelly, 2010) ou a case total erradicación da clase obreira das noticias e programación da televisión sueca entre 1982 e 2015 (Stiernstedt & Jakobson, 2017). En moitos destes casos, desigualdade de clases e malas representacións adoitan estar estreitamente vincalladas ó sexo e a desigualdade étnica, secomasí ó estereotipos recistas e sexistas (Gilens, 1999).

Tales problemas de representación teñen probablemente consecuencias daniñas. Por exemplo, é posible que lle fagan máis difícil a vida á xente pobre e vulnerable de clase obreira ó axudar a lexitimar accións políticas que reducen os diversos tipos de apoio sistemático destinado a eles (Jensen e Tyler, 2015). O reforzo dos estereotipos a respecto da roupa e comportamento de clase obreira pode actuar, xunto coas prácticas institucionais existentes, pra lle facer aínda máis difícil á xente de clase obreira o acceso a universidades prestixiosas, ós traballos ben pagos e de prestixio... e moitos outros recursos. Amais, os resultados dese fracaso dos medios probablemente sexa ruín para *todos*, non só para os grupos infrarrepresentados ou mal representados, debido ós malentendidos, sospeitas, miseria e violencia que moi probablemente resulta dunha situación de desigualdade pronunciada e crecente coma as que predominan na actualidade².

¹ O meu agradecemento a Carly O’Neill pola axuda na investigación pra elaboración deste ensaio, e a June Deery, Lisa Henderson, Kate Oakley, Dave O’Brien e Fredrik Stiernstedt polos seus amables e útiles comentarios.

² Véxase Wilkinson e Pickett (2009) pra unha análise importante das consecuencias negativas da desigualdade pra sociedade toda, non só prós perdedores.

O meu obxectivo neste ensaio non é facer nin avaliar estudos de representacións problemáticas da clase obreira (dos que algúns son máis rigurosos e convincentes ca outros).³ En troques diso, tento considerar de qué maneira o estudo da produción de medios ou, o que é o mesmo, a análise de produción de medios (APM), pode contribuír á comprensión do fracaso da representación da clase obreira.⁴ Porén, hai un problema. Parece haber notablemente poucas investigacións que usen a análise de produción de medios pra explicar por qué é que a clase adoita representarse tan pobremente nos medios. Con efecto, parece que a análise de produción de medios prestou moi pouca atención á clase, con algunhas excepcións en estudos do traballo nos medios (Mayer, 2011) nos que produción de representacións de clase non foi preocupación primordial.⁵

*Entón, na primeira parte deste capítulo, máis do que me apoiar en estudos existentes, voume ocupar principalmente de examinar as maneiras posibles de investigar por medio da análise da produción de medios (APM) cómo é que se vén dando o fracaso da representación, centrándome no feito de que a man de obra dos medios está achaiadoramente composta de xente de clase media e alta, aínda que tentarei ir máis alá das explicacións redutivas que se fundan neste feito. Suxiro que os camiños posibles da análise de produción de medios poden (1) tentar reunir e analizar novos datos empíricos sobre cuestións tales coma a composición de clases, prácticas e valores dos que producen obras dos medios de comunicación; (2) amosar como é que os procesos organizativos e os xuízos humanos interactúan por mor de dar forma ó contido; e (3) analizar como é que as ideas e valores culturais dan forma ás concepcións organizativas e ocupacionais de cómo hai que face-las cousas. Sexa como for, manteño que a análise da produción de medios en xeral, e especificamente cando tenta explicar un fenómeno coma o fracaso da representación de clase, ten que prestar atención a un conxunto de factores máis grande. Estes factores inclúen (4) o grao en que os sistemas político-económicos e a política gubernamental pode impulsar ós produtores a perseguir obxectivos comerciais, en troques de producir contido que puidese ter máis beneficios sociais e culturais e (5) o status político contemporáneo da clase obreira.

Pasarei logo a argumentar que o campo xeral dos estudos de comunicación e culturais e, dentro deles, o campo específico da análise da produción mediática, ten que ir aínda máis alá deste conxunto máis amplo dos contextos económico, político e cultural, por mor de considerar como é que a experiencia subxectiva de clase dá forma á produción. Nisto, a socioloxía de Pierre Bourdieu ofrece recursos importantes aínda que potencialmente problematicos. Rematarei discutindo brevemente tres solucións potenciais (a educación, a dixitalización e maila “mobilidade de clase”) ós problemas esbozados e analizando criticamente o que a socioloxía de clase pode contarnos a respecto dos obstáculos que teñen que superar os intentos de estudo que se fundan nestes factores.

Por mor da simplicidade, vou usa-la distinción sinxela e impropia de expertos entre tres grupos de clase: clase superior, clase media e clase traballadora. Hai estudos sociolóxicos serios que ofrecen distincións moito máis rigorosas e sistemáticas (por exemplo, Savage, 2015) e prestan atención a problemas importantes relativos ás fronteiras e á variabilidade interna de tódalas clases. Vou apoiarme nalgúns dos aspectos máis relevantes e útiles de tales contribucións (nomeadamente, na obra de Erik Olin Wright). Recoñezo, abofé, que a concepción tripartita simplificada que uso aquí róldana ambigüidades e fronteiras imprecisas, que posteriormente se complican polos diferentes usos nacionais. Poño por caso que en Estados Unidos de América, o sinxelo termo “clase media” parece suxerir “a xente do común que non é de clase alta”, e a min

³ Algúns estudos non prestan suficiente atención á existencia de produtos dos medios convincentes e entretidos e atinados que se ocupan da vida de clase obreira, producidos nalgúns casos por xente con orixe de clase obreira.

⁴ Os estudos de produción dos medios, ou análise de produción dos medios, como os chamo eiquí, son agora unha área ou campo establecido dos estudos de comunicación, tanto na investigación coma no ensino. Como adoita acontecer nas áreas e sub-áreas de investigación, etiquétanse de diferentes maneiras. Algúns prefiren a denominación de “estudos de industrias mediáticas”. Moita xente iguala erroneamente a análise de produción dos medios coa “economía política dos medios”, cando as dúas áreas son distintas mais adoitan sobreporse e ás veces reforzarse mutuamente. No tocante ós meus esforzos por dar unha visión xeral, véxase Hesmondhalgh (2010, 2013).

⁵ A economía política dos medios (véxase a nota 3) prestou atención á relación dos medios coa clase social (Mosco e Wasko, 1982), porén, máis unha vez, sen facer moita referencia á representación ou ignorándoa.

díxoseme que a expresión “clase obreira” case non existe en calidade de concepto popular, mentres que en Gran Bretaña “clase media” tende a connotar certo grao de privilexio (aínda que non tanto coma “clase alta”).

Cómo defini-la “clase obreira”? Este é un terrotrio notoriamente complicado dificultoso; porén, a definición de Erik Olin Wright (1997) é útil: aqueles que non posúen medios de produción (p. 17) -e os que dependen deles- e que carecen de autoridade oficial no posto de traballo ou carecen da capacitación que os faría formar parte da clase media (p. 19). En todo caso, a experiencia de formar parte da clase obreira (como imos indicar máis adiante) non se limita ó posto de traballo, na medida en que xurden formacións culturais complexas, influídas en gran medida por dinámicas étnicas e de división sexual.

Malia os problemas de definición e fronteiras, o de “clase obreira” segue a ser un concepto necesario en todo proxecto político igualitario e progresista, e é vital *algún* tipo de distinción entre a clase obreira e as outras pra entende-la desigualdade e maila inxustiza nas sociedades modernas.

Primeira explicación do fracaso da representación: factores organizativos e culturais

Quero empeza-la miña exposición crítica partindo dunha maneira particular de pensar sobre a relación entre a produción dos medios e clase: unha explicación do fracaso dos medios á hora de de representa-la clase obreira debidamente que por veces dan os meus amigos e colegas, traballen ou non no ámbito académico dos estudos de comunicación. Abofé que non é unha hipótese no sentido científico (positivista). Tampouco é unha teoría, no sentido dun conxunto sistemático de ideas conectadas que se usan para dar sentido a algún aspecto do mundo. Porén, penso que é unha explicación sinxela e non de especialistas para un fenómeno mediático frecuente na esquerda. Podería expresarse da seguinte maneira: *os máis dos implicados na produción mediática son das clases sociais máis altas e o fracaso dos medios á hora de representa-las vidas de clase obreira deriva adecuadamente deste desencaixe ou asimetría entre os produtores de medios de comunicación e a xente de clase traballadora que representan*. A isto vou chamarlle a “explicación da asimetría de clase” (aínda que hai que recoñecer que a palabra “asimetría” non capta ben a desigualdade implicada). Formulada do xeito máis sinxelo, a explicación sería: os medios representan erroneamente a clase obreira porque os produtores de medios proveñen nomeadamente das clases alta e media e teñen, logo, conxuntos de intereses, experiencias e valores diferentes dos da clase obreira. Aínda que atopei con frecuencia esta explicación sinxela entre amigos e colegas (académicos e non académicos), é unha opinión que, polo que dou lembrado, nunca se debate explicitamente nas publicacións académicas. Porén, velaí como a formulou o xornalista Owen Jones no apaixonado libro sobre a demonización da clase obreira:

“Igual có parlamento de Westminster, os nosos medios de comunicación e entretemento están dominados polos sectores máis privilexiados. Non perderon a primeira ocasión de denigra-la xente de clase obreira das maneiras máis brutas. (Jones, 2011, p. 108)

Non coido que a explicación da asimetría de clase estea totalmente trabucada. Igual ca moitas explicacións cotiáns de fenómenos complexos e importantes, baséase nunha cousa que é fundamentalmente verdade, mais non avanza o suficiente. Temos, logo, que avanzar máis e, entón, quero expor distintas maneiras en que a análise de produción de medios pode usar e mesmo superar a explicación da asimetría de clases. Fago isto non só para comprender o problema da mala representación da clase obreira, senón tamén para demostra-las contribucións potenciais da análise de produción de medios ó noso entendemento dos medios e da clase en conxunto.

Unha achega da análise de produción de medios para a comproba-la explicación da asimetría de clases sería a de reunir datos novos ou a de procurar e interpreta-los datos existentes atendendo ás orixes de clase dos produtores de medios. Xeralmente, en contraste coa ampla dispoñibilidade das estatísticas sobre a desigualdade de etnias ou sexos nas industrias dos medios, hai escaseza de datos sobre a desigualdade de clase (O'Brien e Oakley, 2015). Hai referencias ocasionais nalgúns estudos (Weaver & Wilhoit, 1996, pp. 48-49; Marchetti, 2005, pp. 72-73) e supervisións máis ben esquemáticas dos xornalistas de super-elite (Sutton Trust, 2006), mais non hai moitos datos sistemáticos.

Máis recentemente, a investigación sobre “as industrias culturais e creativas” (categoría que inclúe as industrias mediáticas pero vai moito máis alá e abranxe tamén outros sectores como é o caso das artes escénicas e mesmo os programas informáticos) tentaron ó cabo fornecer datos sistemáticos sobre a orixe de clase dos empregados. O'Brien, Laurison, Miles e Friedman amosaron que malia “as narracións dominantes sobre medidas políticas en favor da apertura e meritocracia,”

hai unha infrarrepresentación significativa da xente con orixes de clase obreira nas ocupacións creativas. Mentre-lo 34'7 por cento da poboación británica entre 23 e 69 anos ten un dos pais empregado nalgunha ocupación obreira de rutina ou semi-rutina, a cifra dos que traballan nas industrias creativas e culturais é só do 18 por cento. (O'Brien, Laurison, Miles e Friedman, p. 123)

Á inversa, os que teñen pais en traballos de xestión e alta cualificación profesional están hiperrepresentados nas industrias culturais e creativas, especialmente nos traballos do rango máis alto (Sutton Trust, 2006). O'Brien e colaboradores mencionan sectores dos medios como a edición e a publicidade dicindo que teñen concentracións especialmente elevadas de xente de orixe profesional e xestora.

Sexa com for, cómprenos procurar *conexións causais* razoables, máis do que só correlacións, entre a orixe social relativamente privilexiada dos produtores e, por outra banda, as prácticas e valores reiterados que levan a infrarrepresentación e a má representación. Cómo é que as orixes de clase dos produtores chegan a se manifestar elas propias en termos da pobre representación da clase obreira? Cómprenos procura-los factores mediadores.

Factor mediador potencial á hora de explica-la pobre representación de clase que se bota de ver nos escritos sobre análise da produción mediática en conxunto son as *normas e prácticas organizativas e de ocupación*, adoito cristalizadas en historias de convencións estéticas e xenéricas e en concepcións pertencentes a industrias mediáticas específicas relativas a como levar adiante a produción. Resumindo unha gran cantidade de socioloxía dos medios, James Curran (2002) declarou que os estudos de análise de produción mediática amosaron que “a visión de que as noticias son *sinxelamente* a expresión de visións persoais e dos antecedentes dos xornalistas (e tanto ten que se entenda que están nesgadas por causa de seren esquerdistas ou dereitistas, varóns ou de clase media) é en parte enganosa (p. 128). Isto é así porque entran en xogo outros factores maiores, amais das visións e antecedentes, dos que o máis importante, segundo a síntese de análises de produción de medios que achega Curran, é a “interacción de procesos organizativos e xuízos humanos”, por exemplo, a maneira en que “a necesidade das organizacións informativas de asegurar materiais informativos regulares e predicibles leva a que algúns xornalistas sexan asignados a especialidades particulares, nas que fican atrapados en interaccións complexas con fontes claves inhibindo o grao no que os xornalistas actúan con verdadeira independencia de institucións claves da sociedade (Curran, 2002, p. 128)

Sexa como for, unha aproximación rigorosa á análise de produción de medios ten que ir máis alá da sinxela descrición de normas organizativas e de ocupación. Porque tales normas abofé que están, pola súa vez, influídas por ideas, imaxes e paresuposicións incrustadas en tradicións culturais da sociedade ou comunidades ás que pertencen os produtores de medios, e pola historia das convencións e concepcións que se dan dentro desas industrias. Abofé que isto é aplicable á produción de medios máis alá do contido de medios informativos estudado por Curran -poño por caso, en toda unha gama de xéneros de entretemento televisivo). Ó estudar tales xéneros, Havens (2013) discute unha “tradición industrial” que emerxeu no comercio internacional de programas televisivos durante a década de 1980 no tocante ó atractivo “universal” de certos

programas “que supostamente tocaban temas humanos de interese compartido que podía atraer a calquera público”. Havens apuntou que tal discurso tivo efecto negativo nas concepcións internacionais da “raza” porque a cultura popular afro-americana que conforma os programas de televisión afroamericanos significou que os executivos brancos non daban recoñecido que eses programas eran potencialmente universais e, daquela, potencialmente vendibles no mercado internacional.

Estou a usar un exemplo dun estudo crítico de análise de produción mediática sobre o papel da “raza” na produción mediática por mor do problema que indiquei previamente: a carencia severa de estudos de clase na análise de produción de medios. Sexa como for, no vasto estudo etnográfico de Georgina Born (2005) sobre a BBC pode atoparse un exemplo da potencial fecundidade das análises empíricas de produción mediática para o estudo das representacións de clase. En certo momento, Born analiza criticamente as súas observacións do principal informativo nocturno da BBC, *Newsnight*, e da produción dunha noticia sobre a pobreza pouco despois das eleccións xerais de 1997 (pp. 423-428). Algúns aspectos da descrición son irrefutables. O equipo de produción loitou para atopar a alguén que puidese falar de primeira man sobre a experiencia da pobreza nun debate no estudio (reflectindo, quizais, a maneira en que o equipo de produción habitaba o contorno social sen ter conexión coas vidas de clase obreira). Porén, Born rexistra a propia conciencia auto-paródica que os produtores teñen desa fenda e transcribe a broma dun produtor “Xa tivemos aquí algún outro pobre antes, non é?”. Born tamén amosa que, ó cabo, o programa final incluía imaxes poderosas da pobreza e entrevistas con xente que padecía esa pobreza e que o debate no estudio remataba cunha muller de clase obreira a dicir: “Se queredes saber por qué é que as vosas políticas non funcionan, vinde onde a xente que volo ha contar, a xente que as padece” (p. 427).

Born non nega que haxa un problema coas representacións da clase obreira, mais suxire que, en determinadas circunstancias, os deberes profesionais dos xornalistas poden (aínda que sexa ocasional e temporalmente) salvar a gran fenda entre a súa posición de clase e a da clase obreira. Isto apunta ó feito de que por veces as limitacións da orixe de clase do produtor poden superarse se os produtores teñen o compromiso profesional suficiente pra representar respectuosa e atentamente unha gama máis ampla de xente, experiencias e voces. Se isto é así, supón que a orixe dos produtores (raza, sexo, nacionalidade ou clase) pode ter un papel importante (ó cabo, na cita, Curran dicía que a atribución de causalidade á orixe persoal é só parcialmente enganosa) pero ese papel pode entenderse mellor se o concibimos en calidade de conformador máis ca de absolutamente determinante do que é posible en termos representativos. Fai que certos resultados sexan máis de esperar, en troques de inevitables. Dito doutro xeito: a análise da produción de medios suxire que a orixe ou antecedentes do produtor estea *mediada* por outros factores (poño por caso, polos discursos, convencións e valores organizativos culturais e de ocupación). Sexa como for, é vital non esaxerar a significación do profesionalismo (segundo fan algúns xornalistas e profesores de xornalismo). O fracaso xeral da representación dos medios que estamos a tratar suxire que tal compromiso profesional non adoita ser dabondo pra facer fronte ós problemas derivados da asimetría de clases. As consecuencias positivas do profesionalismo foron máis ben limitadas (Curran, 2002, pp. 30-32).

Segunda explicación do fracaso representativo: influencias sistémica e estruturalista produción.

Viñen argumentando que a análise da produción mediática pode fornecernos instrumentos para explicar-las dubidasas representacións mediáticas de clases, alén da explicación da asimetría de clases. Os principais métodos de investigación que se usaron na análise de produción mediática pra analiza-los factores ós que xa nos referimos son as entrevistas e a observación. Porén, é importante ser consciente das limitacións de tales métodos empíricos e, daquela, da investigación que se apoia de máis neles. Cando a xente recibe a visita de investigadores que lles fan preguntas sobre o seu traballo pode responder con omisións e reservas no tocante ás súas propias prácticas e ás dos seus colegas. Poden sentirse obrigados (por razóns da lealdade,

ansiedade, ou mesmo medo ás repercusións) a presentar unha descrición xeralmente positiva da organización prá que traballan.

Estas limitacións son particularmente aparentes no caso dos métodos de entrevista, e o uso no método coñecido co nome de *observación participante* pode superalas. Porén, a observación participante require un grao de acceso considerable e, se os investigadores críticos son francos a respecto dos seus obxectivos, pode ser extremadamente difícil obter permiso pra observar moi de preto organizacións informativas, especialmente aquelas que están preocupadas a respecto do escrutinio ou da exposición pública (como é o caso dos estudos de Hollywood; véxase Ortner, 2011). Problema diferente é que, se teñen éxito á hora de acadar acceso, os investigadores que usan a técnica da observación participante poden acabar por compartir algúns valores da organización dentro da que traballan. Un dos camiños polos que se chega a isto é que traben relacións persoais cálidas coa co xente que traballa nelas. Malia ser posible en tales situacións acadar certa distancia crítica, pode que os investigadores se sintan inhibidos á hora de facer público un informe rigoroso das dinámicas de produción.

Hai un problema aínda máis serio para a técnica da entrevista (e prá investigación fundada na observación). Aínda que se permitise ós investigadores levar a efecto entrevistas e observacións detalladas, os factores “sistémicos” historicamente conformados, como é o grao de comercialismo nun medio de comunicación (televisión, cinema ou música popular) ou nun xénero (comedia romántica, televisión de realidade ou hip hop) non parece que sexan suficientemente analizados só por medio das entrevistas e da observación participante. Amais, tales factores poden dalos por tan garantidos os que traballan nas organizacións mediáticas que dificilmente se advirten, ou non parecen dignos de consideración.

Isto podería aplicarse certamente ó asunto deste capítulo: as posibles causas da pobre representación. Exemplo desa causa de pobre representación omnipresente (e, daquela, difícil de advertir ou expresar) podería se-lo feito de que os máis dos produtos mediáticos fanse para que formen parte dun negocio: son produtos orientados ó lucro polos propietarios ou accionistas. Os tipos de presión que iso exerce sobre os produtores de medios ha variar moito dunha industria a outra, e dunha organización a outra, dependendo, entre outras cousas, das actitudes cara ós obxectivos comerciais incrustadas nas culturas organizativas. Ás veces, certos grupos de produtores de medios poden estar relativamente protexidos dos imperativos comerciais, mesmo dentro de empresas orientadas polo lucro, mentres que outros poden estar expostos á presión constante por mor de producir beneficios a curto prazo. Tales variacións poden mesmo atoparse dentro da mesma organización, dependendo da división organizativa, ou dos proxectos particulares que se estean a desenvolver. Algúns xéneros (os xéneros adoitan se-la base da estrutura organizativa nas industrias mediáticas) poden estar máis protexidos ca outros, quizais porque pode haber por tras a historia dunha particular división a producir contido que acadou a aclamación da crítica (tal pode se-lo caso dun departamento de ficción literaria nunha gran editorial).

Estes diferentes factores poden de certo investigarse por medio das entrevistas e métodos de observación xa expostos. Porén, outros factores, relativos ó que algúns escritores consideran unha “dialéctica entre arte e comercio” (Ryan, 1992) e outros interpretan a xeito de “tensións entre creatividade e comercio”, poden eludir ós investigadores que dependen excesivamente de métodos primordiales empíricos. Por exemplo, hai convencións arraigadas relativas á como é que se negocian as relacións entre creatividade e comercio, que poden axudar a explicar patróns reiterados, incluída a maneira en que certas nocións románticas da liberdade artística manteñen a raia os imperativos comerciais ou, por outra banda, fomentan a explotación ó anima-la xente a pensar que é bo traballar por moi pouco, ou gratis, porque o diñeiro non importa. Ross (2000) chamoulle a iso “traballo sacrificial”.

Dito doutra maneira: ó explicar calquera conxunto problemático de representacións, hai necesidade de examinar *forzas estruturais e históricas que conforman prácticas, valores e discursos relevantes*. A historia é necesaria, mesmo ó estuda-los medios contemporáneos. Por exemplo, en certas coxunturas históricas, industrias enteiras poden virar cara a novos conxuntos de relacións entre comercio e creatividade de resultas dun cambio político, cultural ou regulatorio. Hai razóns pra pensar que dende a década de 1980 algúns sistemas de medios contemporáneos fíxéronse significativamente máis comerciais (quere dicir, viraron máis orientados cara a maximización de vendas e ó lucro, máis ca ocuparse de ofrecer representacións ricas, reveladoras

e veraces ó servizo da democracia ou da calidade de vida. A orientación das políticas gubernamentais nos máis dos países foi cara a proliferación de emisores, canles e textos en nome da competición, aínda que decote con pouca intención de desafiar a aparición de poderosos oligopolios corporativos (Hesmondhalgh 2013, cap. 4). Estas historias a medio prazo, que nos fan retroceder algunhas décadas, son vitais pra entendermos o que está a acontecer *agora*.

Como é que unha análise da produción de medios ampla e historicamente informada pode conectar tales cambios sistémicos, institucionais, co contido dos medios? En contextos altamente comercializados creados polas evolucións ás que nos referimos, por mor de obter mellores condicións pra competición, os produtores poden verse presionados (consciente ou inconscientemente) a facer representacións negativas, sensacionalistas ou inadecuadas de, por exemplo, vidas de clase obreira. En tal situación, os que fan programas de televisión, se non varían outros factores, han crear máis probablemente contido “baseado nos feitos” no que as vidas da xente de clase obreira se exhiben a xeito de obxectos de abraio, marabilla e noxo, en troques de facer programas que procuren analiza-la experiencia de clase obreira e que permitan á clase obreira falar pola súa conta nalgo parecido ós seus propios termos. Abofé que non hai nada errado en producir emocións fortes. Porén, se os produtores se deixan levar pola simplificación e a distorsión das vidas dos traballadores por mor de producir emocións, hai algo que falla.

Tampouco se trata de facer documentais sociolóxicos en troques de programas de entretemento. Refírome ó que se pode acadar por medio dunha vasta gama de programas e contidos imaxinativos e habilmente confeccionados: aplícase á comedia e ó drama tanto coma ó documental (con efecto, os documentais poden ser tan fondamente atractivos coma reveladores); proben a ve-la triste descrición das maltratadas vidas de clase obreira n´ *A creación dun asasino*. As mellores comedias televisivas británicas ofreceron unha mestura rica de representación da clase obreira (e da clase media) durante décadas. Aínda que estou a usar o exemplo da televisión, tamén podería pór o doutros medios. As sensibilidades de clase obreira poden ser e foron expresadas imaxinativamente na música e nos videoxogos, tamén en filmes ou na televisión de “calidade”.

Porén, o problema é que ese contido certo e/ou imaxinativo e/ou poderoso, fundado nun compromiso máis fondo coa experiencia de clase obreira, pode resultar caro de facer. Amais, pode ter que loitar por gañar público nun contexto de medios contemporáneos no que moitos membros do público teñen pouco tempo para sentar atentos perante as enormes cantidades de contido que se lles ofrecen. Á inversa, nunha situación de comercialización e de intensa competición (por máis que sexa oligopólica) entre diferentes canles de televisión e moitas outras oportunidades de lecer, os executivos e produtores de televisións tentan producir e vender contidos que lles parece que poden xerar atención entre moitos e rápidamente. Esta procura da atención pode axudar parcialmente a explicar a recente ondada na programación televisiva británica que parece procurar deliberadamente reclamantes de axudas públicas antipáticos e excéntricos pra retratalos negativamente e de xeito sensacionalista, implicando que os máis dos reclamantes de axudas públicas son “chupóns trangalleiros” e contribuindo, logo, a equívocos significativos sobre a escala da fraude nas axudas públicas (Jones, 2014).

O que quero subliñar é que cómpre analizar, explicar e entende-los factores sistemáticos coma o comercialismo, en canto forman parte da análise da produción de medios, á hora explicar certos fenómenos mediáticos, incluída a representación inadecuada da xente de clase obreira. Tal análise de produción de medios ampliada requiriría como mínimo a análise contextual de como é que cambiaron as regulamentacións políticas de medios, e algunhas consideracións de como factores sistémicos de macronivel poden interreactuar con factores de micronivel máis contextuais observables polos entógrafos.⁶ As políticas gubernamentais conforman os sistemas de medios de maneiras vitais. Poden ofrecer incentivos para a produción de contidos veraces, ponderados e penetrantes ó estipular que certas subvencións ou licencias só se poden acadar se se produce unha certa cantidade dese tipo de contidos. Obviamente, hai límites á precisión coa que se pode ou debe controla-la produción de contidos. Porén, toda análise sería tería que ir máis alá da posición infantil de que *toda* regulación de contido feita por un goberno democrático é unha

⁶ A este tipo de investigacións sobre o comercialismo axudarían as achegas máis sofisticadas da economía política dos medios (poño por caso Hardy, 2014) e as descrições históricas do desenvolvemento da produción cultural comercial (poño por caso a de Williams, 1981).

versión da “censura”. A tendencia xeral na regulación gubernamental dos medios foi a de reducir medidas dirixidas a fornecer contidos de alta calidade por mor do benestar social. O punto clave para o que nos ocupa neste ensaio é que a análise da produción de medios podería (e abofé que debería) leva-la nosa atención a eses potenciais factores causais sistémicos da regulamentación política, da mercantilización e do comercialismo e ofrecer descrições plausibles de cómo é que eses contextos sistémicos teñen efectos en termos de produción e contidos “ó pé do terreo” aínda que for difícil probar final e conclusivamente un conxunto claro de conexións causais.

Cómo é que as socioloxías de clase poden ampliar as explicacións da análise de produción mediática a respecto das malas representacións de clase.

Os factores discutidos na sección anterior poden amplia-la explicación da asimetría de clase ó identificar outros factores (poño por caso os políticos e económicos) concorrentes coa asimetría que poderían explicar por que é que as representacións collen formas determinadas. Porén, hai outro paso perdido na explicación da asimetría de clase. Cómo é que podemos explicar e entede-la tendencia da xente de clase media e alta a fracasar cando tenta representa-la clase obreira, en caso de que non nos conformemos con dicir que son diferentes e, daquela, teñen que fracasar? Para o dicir doutro xeito: como é que o ser de “clase media” (ou “clase alta”) dos produtores de medios incide nas representacións dos medios. Para responder a isto, necesitamos máis ca análise da produción mediática ou, máis ben, a análise da produción mediática ten que supera-las súas propias fronteiras e entrar noutras áreas dos estudos sociais e das humanidades.

Unha contribución vitalmente importante pra pensar nestas cuestións é a de Pierre Bourdieu. Para Bourdieu, o diferente *satus* concedido a certos obxectos, prácticas e maneiras de ser (e no reino da cultura, a certos textos, xéneros e artistas) non son arbitrarios, senón que están conformados polos conxuntos compartidos de disposicións corporais e mentais arraigadas na xente durante a súa crianza; o termo de Bourdieu para tal conxunto de disposicións é “*habitus*”.⁷ Entón, poño por caso, no seu libro sobre o consumo cultural, *A distinción*, Bourdieu (1984, pp. 53-55) analizou criticamente como é que a “distancia da necesidade” das distintas faccións da clase dominante (analizada por medio dos estudos de diferentes grupos profesionais) adopta, en graos diferentes, unha disposición estética que lles permite pór entre paréntese o contido e a función (poño por caso o non estar interesados en sentir “horror perante o horrible”) e centrarse en cuestións de “estilo”, forma e habilidade do artista. En contraste con isto, segundo Bourdieu (1984), a clase dominada (este é, esencialmente, o termo que usa para se referir á clase obreira) tende, por causa das dificultades de acadar a “distancia da necesidade” que é propia da clase dominante, a rexeita-la experimentación artística (p. 44) e a facer unha autovixilancia estrita de calquera tipo de “pretensións” (p. 38), amais de valora-la obras de arte non en termos do seu estilo nin logros artísticos, senón en termos das características estéticas do que se prepresenta (por exemplo, cado se comenta a beleza dunha paisaxe ou dunha persoa nunha fotografía, non a propia técnica fotográfica).

O que Bourdieu ofrece, logo, é un xeito de entender e explica-las diferentes prácticas, gustos e valores das diferentes clases. Hai nesa explicación potencial para entender por que é que, polo menos algúns produtores de medios con orixes de clase media, poden representar inadecuadamente á xente de clase obreira.⁸ En todo caso, a socioloxía da cultura de Bourdieu (véxase, p. ex., Bourdieu, 1996) non se preocupa de explicar patróns de representación recorrentes coma os que mencionamos, que implican representacións fondamente ideolóxicas da clase. En troques diso, a súa obra sobre a produción cultural fundouse nun exame histórico de

⁷ Bourdieu concibe as relacións de clase en termos de competición e diferenciación; non fai énfase na explotación, coma algúns marxistas (p. ex. Williams, 1981).

⁸ A maneira coa que Bourdieu analiza o xeito en que o *habitus* se manifesta na cultura, baseada nunha descripción da cultura francesa das décadas de 1960 e 1970, require adaptacións ós diferentes contextos nacionais e ós diferentes tempos. Fixéronse algúns esforzos nesta dirección (véxase Weininger e Lareau, 2003), aínda que poucos destes estudos se orientaron ó entendemento da experiencia da clase obreira.

cómo é que algúns produtores culturais acadaron certo grao de autonomía do estado e dos imperativos relixiosos e comerciais.⁹

Aínda máis importante no contexto presente é que a aproximación estruturalista de Bourdieu comparta un problema coa explicación da asimetría de clase: parece apoiarse nunha noción excesivamente homoxénea de cómo é que as identidades de clase se manifestan nas vidas das persoas, subestimando a axencia e maila variabilidade individual (Lahire, 2003). A respecto disto, pode axudarnos ó concepto de “posicións de clase contraditorias” desenvolvido polo sociólogo estadounidense Erik Olin Wright. Wright (1997) amosou que a moi ampla categoría popular (e impropia de expertos) de clase media implica un abano amplo de posicións de clase, en termos de autoridades e capacitación, que vai dende os xestores expertos ós traballadores. Isto é relevante prá produción mediática porque nas industrias mediáticas moitos dos traballadores que se ocupan de desenvolver ideas e executar produtos mediáticos, como é o caso dos programas de televisión (quere dicir, os responsables da produción de representacións) están en postos que non son de xestión mais requiren alto nivel de habilidades infrecuentes e mesmo experiencia (Hesmondhalgh e Baker, 2011, pp. 67-70; Ryan, 1992). Con efecto, tales produtores de medios poden considerarse intelectuais (non no senso habitual dunha persoa moi aguda, nin de alguén moi libresco, mais no senso sociolóxico consabidamente asociado coa obra de Antonio Gramsci, de “xente que ten por actividade primordial a de elaborar e diseminar ideas” (Wright, 1979, p. 192).

Aínda que non teñamos eiquí espazo pra resumir tódolos seus argumentos, convén lembrar que esencialmente Wright amosa que os intelectuais, como é o caso dos profesores (e, aínda que non os nomee, os artistas, xornalistas e traballadores dos medios) tenden a ocupar posicións particularmente contraditorias nas relacións de clases. Acontece isto, en primeiro lugar, en termos da súa posición económica: nalgúns aspectos están máis próximos á clase obreira, pois son empregados e adoito explotados; porén, en certos aspectos son coma a burguesía en termos de ocuparse do traballo mental e non manual. En segundo lugar, é certo que en termos da súa posición *ideolóxica* reproducen algunhas veces os valores fundamentais dos grupos sociais máis poderosos, aínda que ás veces os desafien. Amais, segundo amosa a socioloxía da *produción* cultural de Bourdieu (en contraste coa súa case determinista socioloxía do consumo), intelectuais coma os profesores e traballadores dos medios teñen garantidos, dependendo das circunstancias e con considerable variación en diferentes sociedades, diferentes graos de autonomía que lles permiten manterse a distancia dos intereses xerais da “clase dominante” e isto permite ás sociedades divididas en clases amosar que aínda preservan algúns valores liberais (na actualidade máis ben vulnerables).

O concepto de habitus de Bourdieu, levedado pola atención que Wright presta á variabilidade interna da clase media, pode axudarnos a entender cómo é que a orixe de “clase media” dos que traballan na produción de medios se traduce nas pobres representacións da clase obreira. Segundo advirte Andrew Sayer, o estudo a fondo das diferenzas culturais e educativas entre clases permítelle “ofrecer apreciacións sen paría a respecto da dominación simbólica e, daquela, a respecto do sentido e experiencia subxectiva da clase, que é sempre moito máis cá conciencia das diferenzas na riqueza material (Sayer, 2005, p. 77). Os esforzos de Bourdieu por identificar correspondencias entre a orixe social e a crianza, por unha banda, e os gustos, comportamentos e prácticas, por outra banda, valéndose do concepto de habitus, ofrece a posibilidade de que a análise de produción de medios identifique o que hai nas vidas, prácticas e valores da clase obreira que en termos xerais os traballadores de medios de comunicación con orixe de clase media non dan entendido nin apreciado de resultas do seu habitus diferente e de resultas de que o habitus poida levar a representacións inadecuadas.

Polo que eu saiba, este é un desafío que aínda teñen que asumir as análises de produción de medios e abofé que Bourdieu non o asumiu na súa breve obra sobre os medios. Porén, serían posibles moitos percorridos de investigacións sobre produción de medios fundados na concepción de clase de Bourdieu, dos que vou esbozar brevemente tres (véxase tamén Randle, Forson e Calveley, 2015). Un deles, sería observa-las interaccións entre a xente de clase obreira e os traballadores dos medios no momento en que están a traballar nunha produción. No seu traballo sobre educación, Bourdieu e o seu colaborador Passeron analizaron cómo os profesores asumían

⁹ Bourdieu achegou algunhas análises breves, polémicas e pouco desenvolvidas do xornalismo e maila televisión, e outros autores fixeron esforzos admirables para aplica-las súas ideas ó xornalismo (p. ex. Benson e Neveu, 2005).

que os estudantes coñecían os códigos subxacentes da súa fala (Bourdieu e Passeron, 1977 [1970]) e os investigadores pedagóxicos identificaron, fundándose en traballos de observación nas escolas, cómo é que tales presuposicións supoñen un obstáculo, por exemplo, nas citas entre os profesores e os pais de clase obreira (Weininger e Lareau, 2003). Podería isto extenderse ás interaccións entre traballadores dos medios de comunicación e individuos de clase obreira na filmación, planificación e elaboración de documentais, televisión de realidade e outros contidos “facticos” dos medios.

O segundo percorrido de investigación centraríase en por qué as produtoras poden ter dificultades pra recoñece-las habilidades e o talento na xente de clase obreira (ou xente con orixe de clase obreira) que busca traballo nese tipo de organizacións, porque non entenden cómo as comunidades de clase obreira avalían certas maneiras de falar, facer e ser.

Un terceiro percorrido de investigación posible centraríase nas transicións da educación ó posto de traballo: consistiría en examinar no curso do tempo cómo é que xente de grupos diferentes reponde de xeito diferente ó desafío de ter acceso á produción de medios. Poño por caso que é posible que os graduados de clase media obtivesen coñecemento e información sobre a mellor maneira de se achegar ós posibles empregadores e, cousa igualmente importante, á hora de pór en funcionamento ese coñecemento, poderían ter máis confianza cós estudantes de clase obreira.

En todo caso, ó explica-las representacións mediáticas inadecuadas, cómpre considerarmos un factor ulterior, fundándonos en descrições sociolóxicas e doutras disciplinas sobre a natureza cambiante das relacións de clase (e, con efecto, dos factores todos, este pode se-lo máis importante). Isto fainos tornar á importancia de entende-las forzas históricas e estruturais, mais neste caso non en termos dos seus efectos sobre a produción e as industrias mediáticas, senón sobre os efectos no mundo social que os medios representan e median. Pois vimos que en moitos países se deu un empeoramento serio das condicións de vida da clase traballadora, unha devastación das súas institucións (poño por caso, os sindicatos) e unha erosión da convicción da clase obreira na súa propia capacidade para levar adiante cambios pola súa propia conta. Probablemente sexa este o meirande factor de tódolos que inflúen na maneira en que os traballadores que producen medios representan a clase obreira. Cómpre termos en conta os outros factores que expuxen, mais toda explicación que non recoñeza os ataques políticos e económicos máis xerais contra a clase obreira dos últimos corenta anos ha fracasar, porque as árbores non han deixar ve-lo bosque. Toda descrição que non preste atención suficiente a este factor ha corre-lo risco de limitar a súa capacidade explicativa ó colocar os medios no centro da sociedade, en troques de estudar a relación entre as institucións dos medios e outros poderes.

Qué se pode facer?

Neste ensaio tentei establecer que é o que pode achega-la análise da produción de medios á comprensión das causas do fracaso na representación da clase obreira. Fíxeno tentando elaborar, e mesmo superar, unha explicación parcialmente correcta mais potencialmente simplista (a “explicación da asimetría de clases”) fundada no feito innegable de que os produtores de medios ocupan posicións de clase media e alta. Amosei como é que, aínda que a análise de produción de medios nos máis dos casos desatendeu a análise de clases, algúns dos seus métodos e logros empíricos poden adaptarse fecundamente pra explica-las representacións de clase pobres, na medida en que se combinen coa (1) comprensión dos factores político-económicos e de regulamentación política que subxacen ós contextos situacionais que cómpre observar ou descubrir por medio de entrevistas e coa (2) comprensión da experiencia subxectiva da clase, fundada nunha combinación das teorías de Bourdieu sobre o habitus de clase e a dominación simbólica coa análise das posicións contraditorias nas relacións de clase marxista-weberiana de Wright e (3) con certa conciencia do verdadeiro status político da clase obreira e de que cómo é que pode conforma-las opcións de representación dos produtores. O devandito debe combinarse cunha exposición crítica do que serían mellores representacións da clase obreira e unha investigación rigorosa das necesidades actuais e potenciais da clase obreira.

Sexa como for, a análise académica só pode ter un papel moi pequeno na mellora das condicións de vida da clase obreira. Qué é o que se pode facer pra reduci-la fenda entre os sistemas de produción de medios existentes e as representacións adecuadas da clase obreira? Unha solución proposta adoito ó problema da desigualdade de clase é a educación. Porén, a

educación tende a “apartar” a xente de clase obreira da súa orixe (e decote isto no acontece sen custos psíquicos para os que se distancian da orixe).

Perante este problema, algúns comentaristas creron que a cura prós males dos medios eran a dixitalización e internet, que supostamente ofrecen medios para que os grupos marxinais se autorepresenten, superando as fronteiras formadas polos grupos profesionais que protexen os seus propios privilexios de clase. Non está nada claro que a dixitalización ofrezca a emancipación verdadeira e significativa á clase obreira. Moitos anos de investigación amosaron un vínculo forte entre, por unha banda, as desigualdades de ingresos e educación (que, segundo suxiren outros estudos, tende a ter correlación forte coa clase) e, por outra banda, desigualdades no acceso á comunicación dixital. Os analistas advertiron a aparición dunha “infraclase dixital” (Helsper e Reinsdorf, 2016) mesmo en países relativamente igualitarios coma Suecia, fomentada polos custos e a falta de destreza, con niveis de participación especialmente baixos entre os menos educados, os máis vellos e os socialmente illados. Deixando de banda a cuestión das desigualdades masivas no acceso ó medios de comunicación dixital, a proba da representación inadecuada da clase obreira citada ó principio deste ensaio tamén suxire que a dixitalización e mais internet xa levan un tempo presentes nalgunas sociedades e que non parece que supuxeran ningunha mellora significativa na maneira en que a xente de clase obreira se ve representada nesas sociedades.

A resposta política máis convencional ás desigualdades de clase, na esquerda e na dereita, é a procura, ou polo menos de boca pra fóra, de máis mobilidade social (véxase Milburn, 2012). Porén, a socioloxía de Bourdieu, coa súa énfase na natureza moi arraigada (mais non inmutable) das disposicións de clase, suxire que a mobilidade de clase quizais non se acadade tan doadamente. Por qué? Un problema é que defronta-lo desafío de represetar grupos marxinais e adoito oprimidos coma os de clase obreira require un conxunto particular de habilidades, que poderían definirse de xeito xeral chamándolles construción de símbolos: usar palabras, imaxes, sons, etc. pra transmitir significado. Aínda que sexa vital lembrar que as industrias culturais e mediáticas dependen do traballo de moita xente, incluídos os que ocupan posición de clase obreira coma os traballadores da limpeza, manufactura, construción etc., (Mayer, 2011; Ross, 2015), os instrumentos fundamentais da produción cultural implican esa elaboración de símbolos. En sociedades coma o Reino Unido e Estados Unidos de América, mais tamén en moitas outras, uns cantos factores levaron a que estas habilidades estean dominadas por xente de clase media. As escolas tenden a apreciar certas habilidades simbólicas, especialmente a lingua escrita, que adoitan prosperar entre os grupos máis privilexiados (véxase Bernstein, 1971).

Seguramente, logo, a solución está en desvincula-la clase da educación e mailas habilidades para que o proletariado acadade as habilidades e educación necesaria pra se auto-representar. Abofé que sería esta a miña visión, malia que a poítica educativa, incluída a formación de profesorado, afastouse moito duante os últimos trinta anos do obxectivo de entender e apreciar verdadeiramente as culturas de clase dos estudantes (Reay, 2006).

Aínda máis fundamental é que a convicción da clase obreira na súa propia capacidade de produción cultural veuse seriamente minada. Historias sociais de escritores coma Michael Denning (1996) e Jonathan Rose (2001) salientaron a capacidade dos proletarios e das institucións para elaborar ideas e símbolos e pra acadar formas de produción cultural distintivas. Non hai nada de natural ou inevitable na maneira en que o traballo mental e manual, amais das diferentes maneiras de falar, se distribúen entre as clases. Porén, estas distribucións desiguais serán difíciles de cambiar. Os alentadores logros rexistrados por Denning e Rose observáronse nun período no que o movemento obreiro foi, durante aproximadamente un século e ata a década de 1970, un foco para un grao sen precedentes de conciencia de clase, secomasí de orgullo e autoconfianza. Restaurar esa confianza política é a maneira principal de superar as representacións enganosas, mais vai ser tarefa moi difícil.

Bibliografía

- Benson, R. e Neveu, E. (2005) *Bourdieu and the journalistic field*. Cambridge: Polity.
Bernstein, B. (1971) *Class, codes and control*. Londres: Routledge and Kegan Paul.

- Biressi, A. e Nunn, H. (2013) *Class and contemporary British culture*. Basingstoke: Palgrave Macmillan.
- Born, G. (2005) *Uncertain vision: Birt, Dyke and the reinvention of the BBC*. Londres: Secker & Warbrug.
- Bourdieu, P. (1984 [1979]) *Distinction: A social critique of the judgement of taste*. Londres: Routledge.
- (1996) *The rules of art*. Cambridge: Polity.
- Bourdieu, P. e Passeron, J.-C. (1997) *Reproduction in education, society and culture*. Londres: Sage.
- Curran, J. (2002) *The media and power*. Londres: Routledge.
- Denning, M. (1996) *The cultural front: The laboring of American culture in the twentieth century*. Londres: Verso.
- Gilens, M. (1999) *Why Americans hate welfare: Race, media and the politics of antipoverty policy*. Chicago: University of Chicago Press.
- Hardy, J. (2014) *Critical political economy of the media: An introduction*. Londres: Routledge.
- Havens, T. (2013) *Black television travels: African-American media around the globe*. Nova York: NYU Press.
- Helsper, E. J. e Reisdorf, B. C. (2016) The emergence of a “digital underclass” in Great Britain and Sweden: Changing reasons for digital exclusion. *New Media & Society*. Consultado en <http://journals.sagepub.com/doi/abs/10.1177/1461444816634676> (consultado o 7 de abril do 2017).
- Hesmondhalgh, D. (2010) Media industry studies, media production studies en J. Curran (Ed.) *Media and society* (5th ed.), pp. 145-163. Londres: Sasse.
- (2013) *The cultural industries*. Londres: Sage.
- Hesmondhalgh, D. e Baker, S. (2011) *Creative labour: Media work in three cultural industries*. Londres: Routledge.
- Jensen, T. (2014) Welfare commonsense, poverty porn and doxosophy. *Sociological Research Online*, 19 (3). Consultado en <http://www.socresonline.org.uk/19/3/3.html>
- Jensen, T. e Tyler, I. (2015) “Benefits broods”: The cultural and political crafting of anti-welfare commonsense. *Critical Social Policy*, 35 (4), pp. 470-491.
- Jones, O. (2011) *Chavs: The demonization of the working class*. Londres: Verso.
- (2014) Benefits Street: A healthy media would stand up to the powerful and wealthy. Ours targets the poor and voiceless. *Independent*. January 8 2014. Consultado en <http://www.independent.co.uk/voices/comment/benefits-street-a-healthy-media-would-stand-up-to-the-powerful-and-wealthy-ours-targets-the-poor-and-9046773.html>
- Kelly, M. (2010) Regulating the reproduction and mothering of poor women: The controlling image of the welfare mother in television news coverage of welfare reform. *Journal of Poverty*, 14 (1), pp. 76-96.
- Lahire, B. (2003) *The plural actor*. Cambridge: Polity.
- Lewis, T. (2009) *TV transformations: Revealing the makeover show*. Londres: Routledge.
- Marchetti, D. (2005) Subfields of specialized journalism en R. Benson e E.. Neveu (Eds.) *Bourdieu and the journalistic field*, pp. 64-84. Cambridge: Polity.
- Mayer, V. (2011) *Below the line: Producers and production studies in the new television economy*. Durham, NC: Duke University Press.
- Milburn, A. (2012) *Fair access to professional careers. A progress report by the independent reviewer on social mobility and child poverty*. Consultado en <https://www.gov.uk/government/publications/fair-access-to-professional-careers-a-progress-report>.
- Mosco, V. e Wasko, J. (Eds.) (1982) *The critical communications review*. Vol. 1: *Labour, the working class and the media*. Nova York: Ablex.
- O’Brien, D., Laurison, D., Miles, A., e Friedman, S. (2016) Are the creative industries meritocratic? An analysis of the 2014 British Labour Force Survey. *Cultural Trends*, 25 (2), pp. 116-31.
- O’Brien, D. e Oakley, K. (2015) *Cultural value and inequality: A literature review*. Swindon: Arts and Humanities Research Council.
- Ortner, S. B. (2011) Studying sideways: Ethnographic access in Hollywood en V.Mayer (Ed.) *Production studies: Cultural studies of media industries*, pp. 175-189. Nova York: Routledge.

- Randle, K., Froson, C. e Calveley, M. (2015) Towards a Bourdieusian analysis of the social composition of the UK film and television workforce. *Work, Employment and Society*, 29 (4), pp. 590-606.
- Reay, D. (2006) The zombie stalking English schools: Social class and educational inequality. *British Journal of Educational Studies*, 54 (3), pp. 288-307.
- Rose, J. (2001) *The intellectual life of the British working classes*. New Haven: Yale University Press.
- Ross, A. (2000) The mental labor problem. *Social Text*, 18 (2), pp. 1-32.
(2015) *The gulf: High culture/hard labour*. Nova York: OR Books.
- Ryan, A. (1992) *Making capital from culture: The corporate form of capitalist cultural production*. Berlin: Walter de Gruyter.
- Savage, M. (2015) *Social class in the 21st century*. Londres: Penguin Books.
- Sayer, A. (2005) *The moral significance of class*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Skeggs, B. e Wood, H. (2011) *Reality television and class*. Londres: BFI.
- Stiernstedt, F. e Jakobson, P. (2017) Ghettos and gated communities in teh social landscape of television: Representation of class in 1982 and 2015 en M. Wayne e D. O'Neill (Eds.) *Considering class: Theory, culture and media in the 21st century*. Leiden: Brill.
- Sutton Trust (2006) *The educational backgrounds of leading journalists*. Consultado en <http://www.suttontrust.com/researcharchive/educational-backgrounds-leading-jouranalists/>
- Weaver, D. H. e Lareau, A. (2003) Translating Bourdieu into the American context: The question of social class and family-school relations. *Poetics*, 31 (5), pp. 375-402.
- Wilkinson, R. e Pickett, K. (2009) *The spirit level*. Londres: Penguin.
- Williams, R. (1981) *Culture*. Londres: Fontana.
- Wright, E. O. (1979) Intellectuals and the class structure of capitalist society en P. Walker (ed.) *Between labor and capital*, pp. 191-211. Boston: South End Press.
(1997) *Class counts: Comparative studies in class analysis*. Cambridge: Cambridge University Press.